

MEMORIA DE ACTIVIDADES

PERSOAL BOLSEIRO DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

Curso 2020 - 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

DIRECCIÓN

Manuel Soto Castiñeira, Director OMA-UDC

COORDINACIÓN

Verónica Torrijos Pérez, Técnica OMA-UDC

MAQUETACIÓN

Marina Iglesias Yuste, Bolseira OMA-UDC

EDITA

Oficina de Medio Ambiente, Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade

AGRADECEMENTOS

Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE),
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión
Universitaria (VEPEU)

REDACCIÓN

Grupo de bolsas e bolsiros da OMA e Green Campus:

Facultade de Ciencias (Química) - María Gelpi Santos
Facultade de Ciencias (Biología) - Virginia Cendán Castillo
EU Arquitectura Técnica - María Conde Aboy
ETS Arquitectura - Sergio Prado López
Facultade de Filología - Noelia Prieto Luque
ETS Camiños, Canais e Portos - Sandra Graña Germade
Facultade de Ciencias da Comunicación - Marina Iglesias Yuste
Facultade de Sociología - Simón Rodríguez Teixeira
Facultade de Ciencias da Educación - Raquel Fidalgo Joga
Facultade de Economía e Empresa - Sabela Siaba Casais
Facultade de Dereito - Lorena Barrera López
ETS Camiños, Canais e Portos - Daniel Domínguez Domínguez
Facultade de Ciencias do Deporte e a E.F. - Uxía Piñeiro Noya
Facultade de Ciencias da Saúde - Jessica Freire Lorenzo
Facultade de Fisioterapia - Elena Simón Nieto
Campus de Esteiro - Marisol Jorge Penas
Campus de Esteiro - Elena Salgado Castro

ÍNDICE

1. Coordinación e Responsabilidades	04	8. Outras Actividades	
2. Divulgación da OMA	07	8.1. III Edición Premios UDC Sustentabilidade	22
3. Mobilidade Sustentábel	08	8.2. Hortas comunitarias UDC e parcela OMA	23
4. Biodiversidade e Monte da Fraga	11	8.3. Proxecto Ríos e limpeza simultánea	24
5. Residuos e compostaxe	14	8.4. Roteiro da Terra	24
6. Proxecto Educando para a Sustentabilidade	16	8.5. Comunicación, congresos, simposios	25
7. Campañas de Aforro de Auga, Enerxía e Papel	20	9. Programa Green Campus	25
		10. A UDC no Ranking GreenMetric 2020	26
		11. Resultados e valoración do curso 2020/2021	27

1. Coordinación e Responsabilidades

1.1. A Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (OMA-UDC) é un servizo dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade. Situada no Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, a OMA encárgase da coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo medioambiental na universidade.

Os seus obxectivos principais son: a xestión ambiental e a sensibilización, a concienciación e a participación da comunidade universitaria en cuestións relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade.

Páxina web da OMA-UDC: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/

1.2. Organización do persoal bolseiro

Cada curso académico a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU) a través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE) convoca e selecciona persoal bolseiro de Grao para diferentes servizos da UDC, entre eles a Oficina de Medio Ambiente. O obxecto destas bolsas é ofrecer unha formación transversal en medio ambiente e sustentabilidade, dirixíndose a todas as disciplinas que se estudan na universidade.

No curso 2020/2021 dezasete estudantes gozaron da bolsa de colaboración, tres persoas con dedicación completa a OMA e os catorce restantes con funcións compartidas cos seus correspondentes centros Green Campus. Neste curso, a participación desenvolveuse do 16 de novembro de 2020 ao 31 de maio de 2021.



O Curso 2020-2021 estivo afectado pola adaptación das accións ao modo telemático de forma temporal, durante os meses de febreiro e marzo como consecuencia do Estado de Alarma derivado da crise sanitaria por Covid-19, decretado en novembro, que implicou a suspensión de toda a actividade presencial na UDC durante ese tempo.

Nesta memoria móstranse as actividades levadas a cabo polo grupo de bolseiras/os, coordinados/as por Manuel Soto e Verónica Torrijos, director e técnica da OMA, respectivamente.

Para coordinar axeitadamente este grupo e respectando as medidas de seguridade derivadas da crise sanitaria a comunicación fíxose principalmente por vía telemática. Isto levouse a cabo mediante un grupo de mensaxería instantánea e correo electrónico, cos que se organizaron actividades, repartíronse e concretáronse tarefas, puxéronse en común dúbidas, fixéronse propostas e difundíuse material de interese.

As principais tarefas que se desenvolveron no curso 2020-2021 foron::

- **Divulgación:** blog, canle de YouTube e redes sociais da OMA.
- **Xestións administrativas:** correo electrónico, inscricións en actividades, emisión de certificados de recoñecemento de créditos.
- **Comunicación:** Elaboración de infografías, materiais audiovisuais e cartaces.
- **Residuos e compostaxe:** realización de caracterizacións do lixo en varios centros e no campus. Seguimento e avaliación dos datos obtidos. Formación en compostaxe. Seguimento das diferentes áreas asociadas aos comedores da UDC.
- **Biodiversidade:** mantemento, xestión e posta en valor do Monte da Fraga.
- **Voluntariado ambiental:** limpeza de praias, eliminación de especies exóticas invasoras, plantación de árbores, entre outras.
- **Actividades na natureza:** roteiros, 'baños de bosque', plantación da horta da OMA.
- **Green Campus:** campañas de aforro de auga, enerxía e papel. Xestión dos residuos e instalación de illas de separación de residuos en varios centros.
- **Proxecto 'Educando para a Sustentabilidade',** coa principal concentración de actividades na convocatoria do Marzo Ambiental 2021.

O grupo de bolseiros e bolseiras da OMA participou nestas actividades segundo o plan de formación da convocatoria da bolsa da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU).

1.3. Recoñecemento de créditos

Tódalas actividades da OMA abertas á participación da comunidade universitaria, están acollidas ao recoñecemento de créditos para o estudiantado de Grao da UDC.

A normativa que rexe o recoñecemento de créditos nas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) é a Resolución Reitoral 16/10/2017, correspondéndolle ás actividades de educación para a sustentabilidade o recoñecemento de 1 crédito por cada 10 horas de formación.

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Anexosreconecementocreditosactividades.pdf

Reparto e procedencia das persoas bolseiras no curso 2020/2021

Formouse unha equipa multidisciplinar cun obxectivo común: facer da UDC un lugar máis sustentábel, poñer en valor o medio ambiente e promover actividades e hábitos respectuosos co mesmo.

• Persoal bolserio da OMA

- E.T.S. Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
- Facultade de Ciencias (Grao en Química)
- Facultade de Ciencias da Comunicación

• Persoal bolseiro OMA + Green Campus

- E.T.S. Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
- Escola Universitaria de Deseño Industrial (2 bolseiras)
- Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Facultade de Ciencias (Grao en Bioloxía)
- Facultade de Ciencias da Educación
- Facultade de Ciencias da Educación Física e o Deporte
- Facultade de Ciencias da Saúde
- Facultade de Dereito
- Facultade de Economía e Empresa
- Facultade de Filoloxía
- Facultade de Fisioterapia
- Facultade de Socioloxía

1.4. Voluntariado ambiental

Desde o curso 2016/2017 e mediante un acordo de colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV-UDC), pódese contar con persoal voluntario na OMA durante o curso.

Para facerse voluntario ou voluntaria ambiental da UDC cómpre realizar un pequeno curso en voluntariado e estar ao tanto do programa de actividades nas que se pode participar, elixindo aquelas que máis se adapten aos intereses e dispoñibilidades de cada persoa.

A Oficina de Medio Ambiente, dispón tanto de actividades continuadas ao longo do curso, como o mantemento das áreas de compostaxe, así como actividades puntuais como son a participación e/ou organización de obradoiros de temática ambiental. Tamén é posíbel presentar un proxecto de voluntariado ambiental para desenvolver nos campus da UDC.

O obxectivo deste programa de voluntariado ambiental é fomentar a participación de toda a comunidade universitaria na mellora ambiental da UDC. Diríxese polo tanto a PDI, PAS, PEC e estudiantado.

Toda a información do Voluntariado Ambiental na Oficina de Medio Ambiente da UDC na seguinte ligazón:

www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/voluntariado/



Limpieza da praia de Bens. Marzo 2021

2. Divulgación da OMA

A Oficina conta co seu propio espazo na web da UDC, localizado no apartado de Vida no Campus: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/

Para que as actividades da OMA cheguen a público diverso, utilizáronse tamén outros espazos en internet, facendo uso das redes sociais:

- **Blogue da Oficina.** Onde se publicaron as convocatorias e as crónicas das actividades. www.medioambienteudc.blogspot.com.es
- **Blogue do Monte da Fraga.** Base de datos QR do monte da Fraga. <https://basededatosmontedafraga.wordpress.com/>
- **YouTube.** Canle de divulgación do material en vídeo, como gravacións de conferencias e eventos <https://www.youtube.com/channel/UCCA2qcoTAO7rPvjgx0bDR5g>
- **Facebook.** Onde se publican as actividades propias da OMA, e se comparten as dos centros Green Campus e outros servizos da UDC que organicen accións relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade <https://www.facebook.com/Oficina-de-Medio-Ambiente-UDC/>
- **Twitter.** Publícase e compártese a actualidade da Oficina, da Universidade, de temas ambientais e de actividades da OMA. https://twitter.com/OMA_UDC
- **Instagram.** Comparte contido similar ao de Facebook e Twitter. <https://www.instagram.com/bolseirasoma>


2.1. Alcance e evolución nas redes sociais

No curso 2020-2021 aumentaron os seguidores notablemente en todas as redes sociais respecto ao ano anterior:

En **Instagram** 221 seguidores novos (662 en total). Post con maior alcance: Alarma da extinción das toniñas (elaboración propia bolseira OMA). Videos contan con +100 visualizacións.

En **Facebook** 176 seguidores novos (1673 en total) . Á dereita móstranse na imaxe as 5 publicacións mais populares.

En **Twitter** 23 seguidores novos (734 en total). Pubicación con maior alcance: Roteiro da Terra con 2.831 impresións.

Alcance									
Clics na publicación									
Reaccións, comentarios e compartidas									
13/10/20 10:28		A OMA súmase á Limpeza simultánea de			3,4K		124 138		
12/11/20 10:24		Semana dos Cogumelos na UDC: ata			861		41 46		
25/02/21 11:14		Marzo Ambiental 2021: palestras, obradoiros,			757		20 17		
19/05/21 09:37		Enxeñería sen Fronteiras pon en marcha os bancos			611		15 20		
23/11/20 18:20		Xa se pode visitar a Exposición de residuos:			512		12 22		

3. Mobilidade Sustentábel

O Plan de mobilidade e espazo público é promovido pola UDC desde o 2010, favorecendo e difundindo a importancia dos medios de transporte non motorizados, antepoñendo ao peón e outros medios como a bicicleta fronte ao uso do vehículo privado, seguidos do transporte público ou desprazamentos partillados. Isto sitúa á UDC coma unha institución exemplar á hora de construír un campus universitario sustentábel, comprometida coa conservación e mellora do ambiente e consciente dos beneficios sociais, culturais e económicos, promovendo unha actitude responsábel e saudábel.

3.1. Servizo de préstamo de bicis

O Servizo de préstamo de bicicletas está incluído no Plan de mobilidade sustentábel da UDC, ofrecendo a través da OMA a disposición do estudantado e de persoal PAS e PDI, facilitando así o acceso a unha bicicleta a aquelas persoas interesadas en facer uso da mesma para desprazarse aos campus promovendo o emprego da bicicleta como medio de transporte sostíbel. Durante o curso 2020-21 emprestáronse 70 bicicletas de máis de 172 solicitudes para os campus de Coruña e Ferrol. Toda a información sobre este servizo pódese atopar na páxina web da OMA-UDC na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/bicis/



3.2. Roteiro en bici Campus-Cidade

Datas e lugar: 08/10/2020, saída desde o Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña.

Esta actividade organízase cada curso académico coa finalidade de que as persoas con adxudicación de bici da UDC melloren a súa preparación e coñecemento dos roteiros óptimos para achegarse ao Campus universitario desde as súas vivendas na cidade. Sumáronse 10 ciclo-usuarias, que foron guiadas polo persoal de Mobi-liza nun treito de 5 km aproximadamente.



3.3. Bicicletada contra a contaminación acústica

Xunto coa asociación Mobi-liza, que promove a mobilidade responsábel e sostible na área metropolitana de A Coruña, convocouse o día 28 de abril, Día internacional da Conciencia sobre o Ruído, unha “bicicletada” para sensibilizar na problemática da contaminación acústica. A ruta foi de baixa dificultade, con paradas interpretativas e chegou ata o Campus de Elviña. Dende a Oficina de Medio Ambiente ofreceuse a posibilidade de solicitar unha bicicleta de préstamo para aquelas persoas que non tiveran unha.

A actividade tivo moi boa acollida de participación con 15 persoas e ademais foi publicada nos medios de comunicación locais.




3.4. Retos abril 30 días en bicicleta

Esta iniciativa súmase as anteriores no tocante á promoción do uso da bicicleta. Celébrase a nivel nacional cada mes de abril dende o ano 2014, e consiste en empregar a bicicleta como medio de transporte durante todo o mes. Os usuarios que acumulen polo menos trinta quilómetros recorridos a golpe de pedal participaron no sorteo de accesorios para bicicletas, mochilas, materiais deportivos e outros.

As inscricións de este ano acadaron 163 persoas, e según o ránking elaborado polo colectivo Ciclogreen, a Universidade da Coruña terminou no 8º posto de 15 univesidades presentadas, con 977km percorridos en bicicleta (de entre o total de km sustentábeis nos que se conta tamén o transporte colectivo), e 6.538 kgCO2 evitados.


<https://www.reto30diasenbici.com/>



3.5. Cálculo da pegada ecolóxica da mobilidade na UDC

O cálculo da pegada ecolóxica pode considerarse como un indicador forte de sustentabilidade. A través da ferramenta Emapic desenvolta polo CartoLab e a OMA, pódese medir a pegada ecolóxica asociada aos desprazamentos por estudo ou traballo á UDC. A participación libre da comunidade universitaria no curso 2020/2021, logo de enviar un correo-e a listas de distribución, obtivo 550 participacións con un promedio de 1066,56 kg CO₂/ano.

Ao final da participación na calculadora obtense un informe personalizado.




3.6. Cálculo da pegada ecolóxica da mobilidade

A ferramenta equivalente á anterior, pero de acceso libre para o cálculo da nosa pegada ecolóxica da mobilidade está accesíbel na ligazón:

<https://emapic.es/custom/oma>

No curso 2020-2021 participaron 54 persoas, que xeraron unha media de 1509 kgCO₂/persoa e ano para os rexistros deste período, que representa o 50% das participacións totais desde a posta en marcha da ferramenta en decembro de 2019. Encontrouse un resultado notablemente inferior ao obtido para a mobilidade ligada á UDC, considérase que o achegamento a estas ferramentas de cálculo por iniciativa propia é un factor de motivación de persoas que xa veñen practicando unha mobilidade mais responsábel.



4. Biodiversidade e Monte da Fraga

O Monte da Fraga, un espazo forestal situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía, pasou de ser un espazo descoidado, con exceso de eucaliptos e sen xestión silvícola, a converterse nun lugar de referencia na UDC para o desenvolvemento de actividades ao aire libre e para a experimentación e investigación ligada principalmente á Facultade de Ciencias. Reforestacións participativas con especies forestais autóctonas, eliminación de especies exóticas invasoras, mapeo de especies e inventarios de biodiversidade son algunhas das actividades levadas a cabo.

4.1. Proxecto de Custodia do Territorio

A Custodia do Territorio é unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, segundo a cal as Administracións Públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de fincas privadas ou públicas que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Exemplo disto é a colaboración coa UDC dos colectivos ecoloxistas ADEGA e HABITAT, que están a contribuír coa realización de diferentes actividades de estudo e conservación do espazo do Monte da Fraga. Este proxecto de conta ademais coa colaboración entre a Universidade e o Concello da Coruña, a cal se reflicte no “Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga”, asinado en outubro de 2017, e renovado anualmente ata a actualidade.

O “Roteiro do Monte da Fraga”, autoguiado con paradas interpretativas por códigos QR localizados nas 20 balizas no percurso, poden visitarse no blogue: <https://basededatosmontedafraga.wordpress.com/>

4.2. Actividades

As actividades de educación e voluntariado ambiental constaron nunha charla introductoria, un roteiro, visita e/ou un obradoiro, co obxectivo de promover con distintas metodoloxías o coñecemento para a conservación da biodiversidade e posta en valor dos recursos naturais.

As actividades no Monte da Fraga durante o curso 2020-2021 implicaron a participación de **205 persoas** nas actividades, e **350-400 persoas na exposición** cogumelos (presencial + virtual). As actividades tipo, datas e participación detállanse a continuación.

Eliminación de flora exótica invasora

A asociación ecoloxista ADEGA foi a encargada de coordinar estas actividades, en total 5 sesións distribuídas no curso, que se desenvolveron os días 29/06/2021, 16/03/2021, 03/12/2020, 05/11/2020, 11/09/2020.

Consistiron no estudo e experimentación de novas técnicas en *Cortaderia selloana* e *Buddleja davidii*, ademais do traballo con ferramenta manual en estas e outras especies presentes no Monte da Fraga. En total participaron 45 persoas.



Poda, plantación e marcaxe de árbores

Realizáronse dúas accións nos días 27/03/2021 e 16/03/2021, implicando a 22 persoas participantes, coordinadas pola equipa de educación ambiental da asociación ecoloxista ADEGA. As árbores plantadas foron 4 erbedos, 7 loureiros, 6 acibros, especies seleccionadas cedidas polo CFEA de Lourizán.

Revisión biodiversidade e acondicionamento da charca do Monte da Fraga

As actividades destinadas ao mantemento da charca para a conservación de espazos e ecosistemas no monte, foron destinadas á participación do público, e tamén se desenvolveron de forma interna por persoal técnico, en total implicando a 36 persoas: 3 accións de traballo técnico para a mellora do estado da charca, e o resto voluntariado na revisión de biodiversidade da charca. Desenvolvéronse coa coordinación da equipa de educación ambiental da asociación ecoloxista ADEGA os días 06/10/2020, 08/09/2020, e 01/09/2020

Roteiros interpretativos

- 03/12/2020. Día Mundial do solo, 10 persoas participantes. Guiado por ADEGA
- 06/11/2020. Semana dos cogumelos na UDC. 24 persoas. Guiado por Big Bang
- 20/09/2020. Día Internacional da loita contra os monocultivos, 10 persoas. Guiado por HÁBITAT



Obradoiros

O grupo naturalista Hábitat foi o encargado do desenvolvemento das seguintes actividades abertas á participación da comunidade universitaria e á cidadanía da contorna, con 44 persoas implicadas.

- 28/11/2020. Construción de caixas niño e hoteis de insectos
- 11/11/2020. Revisión de hábitats de fauna
- 24/10/2020. Plogging no Monte da Fraga
- 26/09/2020. Ginkana polo Monte da Fraga
- 05/09/2020. As avelaíñas do Monte da Fraga



Semana dos cogumelos na UDC. UDC-BigBang

No mes de novembro tivo lugar esta semana temática da que se encargou a Asociación da UDC Big Bang.

Organizouse unha Exposición colaborativa de cogumelos procedentes do Monte da Fraga e contorna, na Facultade de Ciencias, entre o 9 e 16 de novembro, con visita guiada presencial á que se sumou a publicación on-line da mesma. Unhas 125 ersoas pararon no vestíbulo de Ciencias, ao que se sumaron 250 rexistros de visualizacións das fotos penduradas na mesma exposición virtual. En total a exposición de cogumelos chegou a unhas 375 persoas.

O día 06/11/2020 organizouse unha saída de campo polo Monte da Fraga e tamén un obradoiro de identificación macroscópica de cogumelos, contando coa participación de 24 e 14 persoas respectivamente.



Ligazón á exposición virtual: <https://drive.google.com/drive/folders/1Et07UsbB-H5MhsMNMKLeXIIziqdE0Fw?usp=sharing>

V SEMANA DOS COGOMELOS NA UDC

2 e 6 de novembro:

Exposición de cogumelos colaborativa

na Facultade de Ciencias (vestíbulo da cafetería)

Exposición virtual en [instagram.com/udcbigbang](https://www.instagram.com/udcbigbang) e en [udcbigbang.org](https://www.udcbigbang.org)

6 novembro:

Salida de campo polo Monte da Fraga

con identificación de fungos no campo

Obradoiro introdutorio de iniciación e saída guiada

Plazas limitadas

Inscríbete na actividade en udcbigbangdivulgacion@gmail.com

(con nome completo e DNI)

Organizans:



Asesorado de Ciencias
Universidade de Compostela

Financia:



Departamento de Botánica,
Facultade de Ciencias
Universidade de Compostela



5. Residuos


5.1. Semana Europea de Prevención dos Residuos

A participación na Semana Europea de Prevención dos Residuos (EWWR) ten como finalidade desenvolver accións para sensibilizar á comunidade universitaria no eido dos residuos. Desenvolveuse entre o 21 e o 29 de novembro do 2020 e tivo como lema central “Residuos invisibles”. Desta convocatoria xurdiu a publicación da **"Guía para unha limpeza dixital. Boas prácticas"**, accesíbel na ligazón: <https://www.udc.es/gl/novas/Guia-para-unha-limpeza-dixital.-Boas-practicas/>

5.2. Caracterización dos residuos en varios centros Green Campus

Realizouse o 27 novembro de 2020 nas Escolas/Facultades: Arquitectura Técnica (EUAT), Ciencias da Educación (FCCEE) e Camiños, Canais e Portos (ETSECCP) e contou coa participación de 15 persoas. Recolléronse residuos acumulados de dous días e caracterizáronse in situ para poder coñecer a calidade na separación en orixe. Pódese acceder ao informe completo da caracterización na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/residuos/CARACTERIZACION-DE-RESIDUOS-NOVEMBRO-2020.pdf_2063069294.pdf



5.3. Exposición de residuos “O lixo na UDC - Modelo Nostión”

A exposición está composta por 16 paneis e explica as características do modelo e cómo realizar unha correcta separación, ademais de outra información en detalle.

Este curso estivo itinerante nos seguintes centros:

- Novembro 2020: Facultade de Económicas
- Decembro 2020: Facultade de Ciencias da Educación
- Febreiro 2021: Facultade de Ciencias. Organizouse unha visita guiada telemática a cargo de M.Vázquez, técnico de residuos do Concello da Coruña, que pode visualizarse na seguinte ligazón da canle YouTube da OMA: <https://www.youtube.com/watch?v=NYEvnmmKA8&t=38s>
- Marzo 2021: Facultade de Socioloxía.



Ligazón á exposición completa:
https://udc.es/sociedade/medio_ambiente/compostaxe/expo-residuos/

5.4. Intervencións informativas "minicharlas"

Coa intención de sensibilizar ao alumnado máis novo sobre o modelo de separación da Coruña, o modelo Nostián, elaboráronse charlas breves nas aulas, de maneira presencial ou vía Teams chegando a un total de 625 alumnos/as da comunidade universitaria. A principal actividade tivo lugar durante a EWWR (21-29 nov.) e completouse con mais días a demanda do profesorado

5.5. Cálculo da pegada ecolóxica por xeración de residuos

A aplicación desenvolta por Emapic e a OMA permite calcular a pegada ecolóxica no medio ambiente dos propios hábitos de consumo. En xuño de 2021 esta aplicación contou con 1699 entradas, cunha produción media de 1,05 kg residuos por persoa e día, e unha media persoal de 120,58 kgCO₂/ano. A contribución de entradas no curso 2020-2021 foi do 17% respecto ao total acumulado desde a posta en marcha da aplicación en outubro de 2017.

5.6. Áreas de compostaxe na UDC


As áreas de compostaxe ligadas aos comedores universitarios supoñen o tratamento in situ dos residuos orgánicos para a elaboración de compost, empregado posteriormente nas hortas universitarias. Esta práctica, que no curso 2020/2021 contou co apoio do persoal bolseiro para o seguimento nos meses de abril e maio, permite reducir aproximadamente 20 toneladas de residuos anuais, grazas ás 9 áreas asociadas aos comedores universitarios, cubrindo case o 90% do servizo de comedores da UDC.

Ademais no presente curso inaugurouse unha área de maduración, á que se destina o compost das distintas áreas para obter uns parámetros de maduración homoxénea antes de destinarse ás hortas da UDC como fertilizante de primeira calidade.

A finais do curso 2020/2021 publicouse en acceso aberto a seguinte publicación de interese, que mostra en detalle o proceso e logros da compostaxe na UDC:

Integration of food waste composting and vegetable gardens in a university campus. Journal of Cleaner Production. July 2021

- DOI: [10.1016/j.jclepro.2021.128175](https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2021.128175)



6. Proxecto Educando para a Sustentabilidade

'Educando para a sustentabilidade' é un proxecto que desenvolve a Oficina de Medio Ambiente da UDC co obxectivo de achegar a toda a comunidade universitaria a formación e a participación en materia de sustentabilidade ambiental e social.

Neste curso organizouse por cuarto ano consecutivo o programa 'Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio', unha iniciativa coa que se pretende desenvolver as capacidades que permiten actuar nas cuestións ambientais prioritarias na actualidade. Combinou actividades individuais e en grupo facendo uso da vivenda, o campus e a cidade como lugares de estudo e experimentación.

Houbo actividades dispersas no curso, reforzadas por dúas convocatorias específicas, a mais intensa durante o 'Marzo Ambiental 2021' e o curso específico telemático 'Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC' no mes de xuño.

6.1. Marzo Ambiental 2021

O 'Marzo Ambiental' é un ciclo específico para a promoción dos obxectivos de sustentabilidade do programa 'Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio'. A súa cuarta edición tivo lugar entre os días 2 e 18 de marzo de 2021 e estivo composta por varias liñas de acción: conferencias, palestras, mesas redondas, exposicións, obradoiros, sesións teórico-prácticas, visitas técnicas e voluntariado ambiental. Marcado pola actual emerxencia sanitaria, puidose seguir tanto de xeito telemático coma presencial.

Percibiuse moi boa acollida da iniciativa, que contou coa inscrición de 359 persoas distintas, cunha media de asistencia a 2,5 actividades/persoas, alcanzando a participación de **1.096 persoas en total** que se reparten: 912 persoas en directo, ás que se sumaron 120 visitas libres ás exposicións e 64 reproducións posteriores ás publicadas na canle YouTube da OMA.

Eficiencia enérxetica, plásticos e Covid, exercicio e saúde, voluntariado ambiental, contaminación acústica, eco-deseño, natureza e toponimia, re-zero menstruación, mobilidade e Covid, consumo responsable e ecolóxico, compostaxe e residuos, pegada ecolóxica e hídrica, eco-auditorías, cambio climático e biodiversidade.

Mais información 'Marzo Ambiental 2021' (Programa completo, memoria detallada):
https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/curso/

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO
1 ●	2 ●●●●	3 ●●●●	4 ●●●●	5 ●●●●*	6 ●●
8 ●	9 ●●●●●	10 ●●●●●	11 ●●	12 ●●●	13 ●●
15 ●●	16 ●●●●	17 ●●	18 ●●●●	19	20

● Conferencias, palestras e mesas redondas

● Obradoiros

● Manchando as mans

● Exposicións

●* A visita técnica a EDAR Bens tivo que cancelarse por restricións Covid-19

CAMPUS, CASA, CIDADE LABORATORIOS DO CAMBIO

MARZO AMBIENTAL 2021
Do 2 ao 18 de marzo



EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE

CONFERENCIAS | VISITA
OBRADOIROS | EXPOSICIÓNS

2 DE MARZO

EFICIENCIA ENERXÉTICA
ELECTRICIDADE
PEGADA ECOLÓXICA E HÍDRICA

3 DE MARZO

NATUREZA E TOPONIMIA
PLÁSTICOS VS. COVID
EXERCICIO E SAÚDE

4 DE MARZO

VISITA SOTAVENTO
PLANTACIÓN AROMÁTICAS

5 DE MARZO

VISITA EDAR BENS
CAMIÑO A EXTINCIÓN CORUÑA
MOBILIDADE VS. COVID

6 DE MARZO

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

9 DE MARZO

TICS E XEORREFERENCIACIÓN
CAMIÑO A EXTINCIÓN FERROL
EFICIENCIA ENERXÉTICA
CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

10 DE MARZO

ECO-DESEÑO
TOPONIMIA CAMPUS UDC
MATERIAIS PLÁSTICOS
RE-ZERO MENSTRUACIÓN

11 DE MARZO

REFUXIOS DE FAUNA

12 DE MARZO

REXURDIR PLÁSTICOS
EXERCICIO E NATUREZA

13 DE MARZO

BAÑOS DE BOSQUE

15 DE MARZO

CONSUMO RESPONSÁBEL
E ECOLÓXICO

16 DE MARZO

COMPOSTAXE E RESIDUOS
AUGA E RESIDUOS NA UDC
ECO-AUDITORÍAS

17 DE MARZO

EFICIENCIA ENERXÍA E AUGA
NA UDC

18 DE MARZO

FALSOS MITOS PLÁSTICOS
CAMBIO CLIMÁTICO
OMS UNHA SAÚDE

19 DE MARZO

DÍA GLOBAL DE ACCIÓNS
POLO CLIMA

EXPOSICIÓNS

O LIXO NA UDC - MODELO
NOSTIÁN
PEGADA ECOLÓXICA
UNHA INVASIÓN SILENCIOSA:
A BIODIVERSIDADE BAIXO
AMEAZA
APROXIMACIÓN MOBILIDADE
NA UDC
O PATRIMONIO MARÍTIMO DE
GALICIA
BIOARTE GREEN CAMPUS FCS

INSCRICIÓNS:
IMPRESINDÍBEL PARA
TODAS AS ACTIVIDADES
<http://bit.ly/3tm5pm5>



oma2@udc.gal

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/curso/

981.167.000 Ext. 5626

6.1.1 CICLO DE CONFERENCIAS, MESAS REDONDAS E PALESTRAS

En total dezasete conferencias, mesas redondas e palestras que se levaron a cabo tanto de xeito presencial coma telématico por mor da pandemia de Covid-19.

Este extenso programa baseouse en temas ambientais de actualidade, moitos deles marcados pola actual crise sanitaria, nos que participaron expertos de diferentes materias. Tratáronse aspectos coma a eficiencia enerxética, a toponimia, o exercicio e a saúde, a crise climática...

Estímase que en total asistiron, vía presencial ou telemática en directo, **557 persoas** ás formacións deste ciclo. Ademais, as conferencias ficaron gravadas na canle de YouTube da OMA para libre reprodución, sumando en xuño de 2021 outras 35 persoas.

6.1.2 OBRADOIROS DE SUSTENTABILIDADE

Desenvolvéronse sete obradoiros de formación teórica e práctica en sustentabilidade, entre eles o cálculo da pegada ecolóxica persoal, uso das TICs e ferramentas de ciencia cidadá, mapeo de contaminación acústica, compostaxe, eco-auditorías, construción de refuxios de fauna, plantación aromáticas.

En total **300 participantes**, que ademais puideron optar por ampliar os coñecementos facendo traballo autónomo para o recoñecemento de créditos (apdo. 1.3). Os obradoiros publicados na canle YouTube da OMA contaron en xuño 2021 con 29 reproducións que se suman ás participacións anteriores.

6.1.3 MANCHANDO AS MANS

'Manchando as mans' é un módulo de actividades prácticas e técnicas, durante o Marzo Ambiental 2021 consistiron en 4 accións: limpeza de praias, andaina marcha nórdica, baño de bosque, visita técnica Sotavento, contando en total **55 persoas**. A quinta acción prevista, visita técnica a EDAR Bens, tivo que cancelarse debido a restriccións derivadas da Covid-19.

6.1.4 EXPOSICIÓNS

Co gallo do 'Marzo Ambiental 2021' localizáronse sete exposicións de temáticas ambientais diversas nas Escolas e Facultades da UDC, para visita libre entre o 1 e 18 de marzo. Estímase en mais de **120 persoas visitantes**.

Marcha Nórdica



Baño de bosque



Visita PE Sotavento



Conferencia apertura Marzo Ambiental 2021



Exposición na Fac. Dereito



Caracterización residuos na Praia de Bens



Palestra XR



6.2. Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC

Curso on-line incluído na iniciativa Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio da OMA-UDC.

Combinou unha parte de estudo de conceptos, facendo uso de ferramentas web, aplicacións de ciencia cidadá, material audiovisual, e textos de apoio; con outra parte práctica de análise e cálculo da pegada ecolóxica persoal.

Resultados do grupo, valores medios das 20 persoas que superaron o curso:

Concepto	Media ± desv.est	Mediana
Caudal billa (L/min)	6,2 ±4,0	6
Caudal ducha (L/min)	12,1 ±6,4	10
Auga (L/d)	132 ± 83	118
Enerxía (kWh/ano)	4500 ± 5066	2328
PE Enerxía (kg CO ₂ /ano)	1438 ±2086	445
Mobilidade (kg CO ₂ /ano)	832,1 ± 1124,4	374,3
PE residuos (kg CO ₂ /ano)	118,1 ± 70,0	109,5
Residuos totais xerados (kg/día)	1,02 ± 0,23	1,05
Separación de residuos (%)	49,7 ± 24,2	46

O curso completouse con unha visita guiada polo Campus para coñecer en vivo as principais actuacións de sustentabilidade da UDC: depuración de augas por humidal, áreas de compostaxe, eficiencia enerxética, aforro de auga, hortas, biofiltros, sistemas urbanos de drenaxe sustentábel, biocontrución, entre outras.


En total inscribíronse 42 persoas, das que o estudantado de grao puido optar ao recoñecemento de créditos (apdo. 1.3) logo de superar os conceptos de avaliación, estimado en 10 horas de dedicación.



7. Campañas de aforro de auga, enerxía e papel

7.1. Contribucións no mapeo de auga con Emapic

Durante o curso 2020/2021 houbo 101 novas participacións nesta aplicación para o mapeo colaborativo dos equipamentos consumidores de auga (billas e cisternas), obtendo como resultados un caudal medio de 4,67L/min nas 320 billas visitadas, e a modalidade de cisternas para a descarga única representa o 56%.




7.2. Aforro de auga na UDC e ecoauditorías

Co obxectivo de reducir o consumo de auga levouse a cabo un programa de aforro baseado en tres elementos de actuación:

- Medidas sen custo: axuste do caudal das billas na chave de paso.
- Medidas de baixo custo: perlizadores nas billas, arranxo das chaves de paso.
- Medidas de maior custo: muda de billas, instalación doutros sistemas eficientes.

Nos lugares onde se aplicaron estas medidas colocáronse eco-etiquetas para axudar a concienciación e sensibilización coa redución do consumo de auga.

As ecoauditorias da auga consistiron en facer medicións de caudais, que permiten facer control e seguimento do estado das billas, e aplicar nelas as medidas de aforro. No curso 2020-2021 desenvolvéronse en 4 centros: Edificio Xoana Capdevielle, CICA, CITIC e Facultade de Ciencias, contando coa colaboración de dúas estudantes italianas procedentes do intercambio internacional Erasmus+. O resultado acadou unha redución global entre o 43 e 66%, e do 13% na F. Ciencias que xa dispón de perlizadores eco-eficientes en todo o edificio.



7.3. Aforro de papel na UDC

A Oficina de Medio Ambiente continúa cada curso a fomentar o aforro de papel na UDC e promocionar o uso do papel reciclado. Dúas das accións que se desenvolveron:

A iniciativa 'Re-utilizando: 2 caras, 2 usos', mediante a que se promocionou a reutilización do papel a través de caixas colocadas ao longo das áreas comúns de Escolas e Facultades. Nestas caixas, que para maior visibilidade levaban o distintivo da campaña, podíase deixar o papel empregado só por unha cara coa fin de que aquel que o precisase, o reutilizase. Reducindo así, o consumo de papel e evitando que estas follas a medio usar acabasen no lixo.

A 'Guía pública verde de papel' coa intención de promover a redución da pegada ecolóxica xerada por un dos materiais de máis consumo na actividade universitaria: o papel. Con esta guía, a UDC incorporouse á compra verde e tentou sensibilizar a toda a comunidade universitaria á hora de mercar papel conscientemente. Manual diponíbel:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_documento/pegada_ecologica/GUIA_COMPRA_VERDE_PAPEL.pdf_2063069239.pdf

7.4. Aforro de enerxía na UDC

A divulgación en canto ao uso responsábel da enerxía continuou no curso 2020/2021 coa sinalización en lugares estratéxicos da imaxe "OFF" facendo referencia á importancia de apagarmos os equipamentos e luces ao remate do seu uso.



> Imaxe da campaña "2 caras, 2 usos" para promover a reutilización de papel na UDC



> Cartelería elaborada no Green Campus de Ferrol no curso 2020-2021 para promover o uso responsábel da enerxía na UDC




> Imaxe do vinilo OFF localizado na cafetería da Facultade de Ciencias

8. Otras actividades

8.1. III Edición dos Premios UDC Sustentabilidade

Seguindo a liña da UDC no apoio á sustentabilidade, desenvolveuse por terceiro ano a publicación dos Premios UDC Sustentabilidade. A convocatoria recoñece e premia ao alumnado que o ano 2020 defendeu o TFG ou TFM que traten na súa temática as dimensións da sustentabilidade.

Unha exposición itinerante formada por 2 paneis e unha bici percorreu 8 centros da UDC para promocionar e darlle visibilidade a esta convocatoria.



3ª EDICIÓN AÑO 2020

Resolución do 5 de xuño de 2021, Día Mundial do Medio Ambiente. Traballos premiados:

Modalidade traballos fin de grao (TFG)

I Premio: Miguel Carballa. Título: Contribución á conservación de bolboretas mediante un programa de seguimento (BMS) no Campus de Elviña

II Premio: Cristina Videla. Título: Análise de programas educativos promotores de hábitos saudables e sostibiles: escolas que educan no presente para o futuro

Modalidade traballos fin de mestrado (TFM)

I Premio: Miguel Reguera. Título: Enfoques sustentables para un Centro Escolar Infantil en Feáns

II Premio: María Orellana. Título: Corporate law and sustainability. A new approach to fiduciary duties aimed towards environmental protection



I Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado Ano 2018

Cita bibliográfica:

Oficina de Medio Ambiente. 2020. I premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2018, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións. ISBN: 978-84-9749-783-1.

DOI:

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497831>



II Premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado Ano 2019

Cita bibliográfica

Oficina de Medio Ambiente. 2020. Il premio UDC sustentabilidade a traballos fin de grao e mestrado 2019, A Coruña. Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións. ISBN: 978-84-9749-800-5.

DOI:

<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498005>

Informe completo da III Edición Premios UDC Sustentabilidade:

https://www.udc.es/export/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/_galeria_down/actualidade/RESUMOS-TRABALLOS-PREMIADOS-E-ESTADISTICA-III-premio-xuno-2021-1.pdf_2063069239.pdf

Hortas urbanas



Unha achega á sustentabilidade e concienciación ambiental na universidade. A horticultura urbana é o cultivo de produtos da horta en diferentes espazos urbanos, cos condicionantes propios do seu contorno.



Facilitan o contacto co medio natural nunha sociedade cada vez máis urbanizada.

Fomentan a percepción do solo produtivo como recurso escaso e esencial para a sustentabilidade.

Conservan e melloran a diversidade biolóxica e paisaxística, grazas aos referentes de usos tradicionais nos campus.

Reciclan os restos orgánicos xerados no campus (comedores universitarios, xardinería) pechando o ciclo dos nutrientes no ámbito local.

Fomentan o potencial local e urbano para a produción de alimentos de calidade.

8.2. Hortas comunitarias UDC e parcela da OMA

Este curso continuouse co uso das 40 parcelas de 20 m² por parte de membros da comunidade universitaria. En xaneiro de 2021 abriuse a convocatoria de renovación de usuarias/os, información dispoñíbel no apartado web:

https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/hortas/

Desde o curso 2020/2021 as hortas da UDC xa contan con un panel indicativo na súa entrada, no que se mostra o mapa e servizos, e se complementa con indicacións de sustentabilidade e fomento dos ODS2030 grazas á horticultura urbana na UDC.

Os bolseiros/as da OMA e Green Campus plantaron en novembro do 2020 a parcela da OMA, situada na plaza da Fraga e continuaron co seu mantemento durante o curso. Esta parcela sirve ademais de mostra do peche do ciclo da materia orgánica da UDC, ao recibir como fertilizante o compost producido nas áreas da universidade.

> Novo panel localizado na entrada das hortas da UDC

Parcela de mostra hortícola na UDC, mantemento polo grupo de bolseiras/os da OMA - Green Campus



8.3. Proxecto Rios e limpeza simultánea de ríos

Desenvolveuse o 5 novembro 2020 coa charla introductoria ao Proxecto Rios, o 11 de novembro de 2020 coa inspección de outono do río Lagar ao seu paso polo campus de Elviña, e o 9 de abril 2021 coa inspección de primavera no río. Contou coa participación dun total de **69 persoas**.

O Proxecto Rios é un programa de educación e voluntariado ambiental para o estudo das propiedades físico-químicas e a calidade do río e a súa contorna. Para acadar este fin, a actividade consistiu en coñecer e inspeccionar de maneira práctica, bioindicadores como os macroinvertebrados.



8.4. Roteiro da Terra: compostaxe, hortas e biodiversidade

<https://www.udc.es/gl/novas/Roteiro-da-Terra-compostaxe-hortas-e-biodiversidade/>

22 de abril, en Celebración do Día Mundial da Terra, organizouse esta actividade na que participaron **15 persoas**. Consistiu nun roteiro para coñecer o Val de Elviña e a fertilidade desta terra nun percurso duns 2km con paradas interpretativas, entre elas as áreas de compostaxe da UDC, hortas de Elviña e da UDC. A xornada terminou cunha experiencia práctica de identificación da biodiversidade do compost.



8.5. Comunicacóns, congresos e simposios

1) Simposio Internacional de Ciencia e Investigación en Sustentabilidade

O 8 de abril tivo lugar o 3º Simposio internacional, organizado pola European School of Sustainability Science and Research (ESSSR), a Inter-University Sustainable Development Research Programme (IUSDRP), e a Universidade de Murcia, en cooperación coa Universidade da Coruña e outras organizacións de todo o mundo. Pola UDC presentáronse 5 comunicacóns procedentes tanto da OMA como dos centros Green Campus.

Froito dun simposio anterior “*Acelerar a implementación dun desenvolvemento sustentábel nas actividades e programas dos Campus*”, publicouse en 2020 o número especial da revista International Journal of Sustainability in Higher Education, que contén 8 artigos relativos á sustentabilidade na UDC, e pode consultarse na ligazón:

<https://www.udc.es/gl/novas/Publicacion-de-oito-artigos-de-sustentabilidade-na-UDC-no-numero-especial-da-revista-International-Journal-of-Sustainability-in-Higher-Education/>

2) Xornada Mundial do Ensino sobre o Desenvolvemento Sustentable

O 4 de decembro de 2020 a OMA presentou dúas comunicacóns á xornada *World Sustainable Development Teach-In Day 2020 (WSD-TID 2020)*, un importante evento on-line global, que ofreceu ao profesorado e estudantado a información mais actual para o desenvolvemento sustentable ODS2030.

3) Mesa redonda no Festival Mar de Mares

A OMA participou na moderación da mesa redonda *Encontro inspirador: Activismo polo futuro dos mares*, que tivo lugar o 27 de setembro de 2020. Na mesa participaron tres entidades activas na conservación e coidado de mares e océanos, inicio e fin do ciclo da auga planetaria e albergadores de infinita biodiversidade.

9. Programa Green Campus

Os obxectivos deste programa que se desenvolve na UDC desde o ano 2014 xiran arredor de dez áreas de actuación: 1) optimización do consumo de auga e enerxía, 2) redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva, 3) correcto tratamento e xestión dos RAEE (resíduos de aparatos eléctricos e electrónicos) e dos RPA (resíduos de pilas e acumuladores), 4) contaminación atmosférica, acústica e luminosa, 5) mobilidade sustentábel, 6) hábitos, rutinas e estilos de vida saudábeis, 7) biodiversidade, 8) compra verde, comercio xusto e consumo responsable, 9) participación, sensibilización e voluntariado ambiental, e 10) cambio climático.

Mediante a creación dun Comité ambiental nos centros adscritos, a UDC oconta xa con 7 bandeiras verdes outorgadas pola Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), como membro da internacional Foundation for Environmental Education (FEE).

Apartado web:
https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/GreenCampus/




9.1. Seminario FEE EcoCampus: “Green Curriculum Integration”

o 19 de xaneiro de 2021 asistíuse no modo telemático ao “*Green Curriculum Integration al the GRETB Lettergrack Further Education Centre*”, relatorio a cargo da coordinadora internacional Saga Kindstrand, que mostrou un percorrido histórico do Programa, a súa implantación e puntos fortes de acción, entre eles a importancia da integración da sustentabilidade no currículo universitario, con fomento do traballo en equipo e módulos de estudo combinados.


10. A UDC no Ranking GreenMetric 2020

O Ránking GreenMetric foi elaborado no 2010 pola Universidade de Indonesia e clasifica a máis de 900 universidades de todo o mundo atendendo ás políticas levadas a cabo en relación ao medioambiente, como a conservación de auga e enerxía, residuos, infraestruturas, entre outras.

No ano 2020 a UDC acadou, cun total de 7825 puntos, a 5ª posición no ámbito nacional das 29 universidades participantes, a 1ª das universidades galegas e na posición 65 das 911 universidades presentadas a nivel mundial.



Evolución da posición da UDC no ranking GreenMetric do SUE e a nivel mundial, 2020



Mais información no apartado web: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/

11. Resultados e valoración do curso 2020/2021

11.1. Cronograma

No calendario aparecen as diferentes actividades realizadas no curso 2020/2021, distinguindo por cores segundo a súa tipoloxía.

Setembro						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Decembro						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Marzo						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Xuño						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Outubro						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Xaneiro						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Abril						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

Novembro						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Febreiro						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

Maio						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Actividades Monte da Fraga
Semana Cogumelos UDC
Outras actividades
Charlas/Conferencias
Marzo ambiental 2021
Semana Europea de Prevención dos Resíduos EWWR
Curso on-line Pegada ecolóxica
Non lectivo/Exames


11.2. Participación

No curso 2020/2021 mantívose, en parte, a presencialidade das actividades, aínda que moitas tiveron que ser realizadas en modalidade telemática por adaptación ás restricións Covid-19. En calquera caso, tiveron moi boa acollida por parte dos participantes. As actividades presenciais víronse reducidas no número de participantes seguindo a normativa de seguridade sanitaria e na maioría completáronse as prazas dispoñibles e nalgúns casos non podendo atender a todas as solicitudes, ficando listaxe de agarda.

As actividades desenvoltas no Marzo Ambiental 2021 elevaron a cifra de participación a un total de **1.368 persoas**, ás que se sumaron as participacións no proxecto do Monte da Fraga con **205 persoas e 375 visitantes** á exposición de cogumelos (250 delas no modo virtual). Tamén foi moi satisfactorio o alcance das mini-charlas de residuos en aula, ás que asistiron **625 persoas**.

O curso 2020/2021 acolleu a un total de **2.573 persoas da comunidade universitaria que fixeron contacto con algunha das liñas de sustentabilidade da OMA**.

O tempo de dedicación a cada actividade tipo foi variábel, extendéndose desde os 15 minutos estimados para as visitas libres ás exposicións ou participación nalgunha ferramenta on-line, até as 2,5 horas para a maioría das saídas de campo ou visitas técnicas. Súmase así un total de **3.767 horas invertidas e unha media de 1,5 h por persoa participante**.




MF: Monte da Fraga | CCC: Campus, Casa, Cidade | MA21: Marzo Ambiental 2021

Estas cifras mostran un alto interese na formación en sustentabilidade por parte da comunidade universitaria. A maioría das persoas asistentes foron estudantado de Grao.

11.3. Avaliación

Marzo Ambiental 2021. Tras rematar o programa, enviouse unha enquisa para coñecer a opinión sobre as actividades realizadas. As valoracións por grupos de actividade veñen representadas nos seguintes gráficos.


A acollida global do Marzo ambiental foi moi positiva, obtendo unha porcentaxe do 93% entre as valoracións de Ben e Moi ben.



Bolsas de colaboración. O grupo de bolseiras/os OMA e Green Campus respostaron á enquisa anónima de valoración da súa bolsa, onde se recollen as liñas de dirección e coordinación dos diferentes axentes implicados, tamén a súa propia implicación e o detalle de cada acción realizada no curso. A percepción foi moi boa, con un 4,44 sobre 5 de media na valoración global, e a práctica totalidade recomendaría esta bolsa a un amigo/a.

★★★★★ Clasificación media 4,44

As persoas bolseiras percibiron que o tempo dedicado á bolsa é adecuado, sentíronse interesadas/os polas tarefas, contido e temática das actividades, e, a pesar de tratarse dun ano con contratempos derivados da Covid-19 que moitas veces imposibilitaron o desenvolvemento habitual das actividades, o grupo de bolseiras considerou que aprenderon a traballar en grupo e que a súa sensibilización co medio ambiente mellorou despois desta bolsa.





UNIVERSIDADE DA CORUÑA